




fegamp



Concellos #PoloBoTrato

Construír unha sociedade en igualdade é un traballo colectivo. Neste concello comprometémonos a promover o bo trato en canto á igualdade de xénero, algo que podemos facer con actuacións como estas.

1/ Traballamos entre a poboación máis nova a **prevención** da violencia machista e os valores de igualdade e respecto. Buscamos o desenvolvemento integral da persoa á marxe de estereotipos nas escolas deportivas e de tempo libre, nas ludotecas e noutras actividades.

2/ Empregamos unha linguaxe **libre** de connotacións sexistas. Falamos da cidadanía, das persoas, da veciñanza. Nenas e nenos, mulleres e homes; iguais e visibles no noso Concello.

3/ Integramos a perspectiva de **xénero** nas nosas decisións e nas actividades que organizamos. Na nosas políticas contaremos co obxectivo de promover a igualdade entre homes e mulleres.

4/ Difundimos unha **imaxe** non sexista da muller: non reproducimos os roles de xénero tradicionais, nin presentamos a muller como unha vítima, nin deseñamos publicidade sexista.

5/ Fomentamos a **corresponsabilidade** nas tarefas e a ética no coidado, tanto de menores como de persoas dependentes.

6/ Identificamos e emendamos as deficiencias que atopemos a nivel municipal na loita contra a **violencia cara ás mulleres**; unha violencia intolerable na que apoiamos as vítimas, mulleres, fillos e fillas e familiares, e condenamos a quen a exerce sen excepción.

7/ A igualdade no traballo comeza no propio concello: favorecemos as respostas en materia de responsabilidade e de respecto á **conciliación** da vida laboral, da familiar e da persoal, así como o apoio á igualdade de oportunidades no cadro de persoal.

8/ Promovemos unha **representación** equilibrada de mulleres e homes en tribunais, xurados, comités e comisións.

9/ Na **contratación** administrativa non apoiamos actividades nas que se promova unha imaxe sexista da muller, tampouco de festas ou eventos lúdicos que inclúan actividades que reproduzan estereotipos sexistas.

10/ Prestamos especial atención ás mulleres en situación de **vulnerabilidade**: inmigrantes, con algunha discapacidade, vítimas de violencia de xénero, en situación de prostitución e/ou en risco de exclusión social.

PROMOVE ▾



COLABORA ▾

